

XV RUTA DO NADAL BTT

- ORGANIZADOR: Concello de Ribeira – Departamento de Deportes.
- COLABORAN: Asociación de Veciños de Carreira, Arousa Neo, Os Saltamontes “Sportbike”, “Dalle Pedal”, Policía Local e GAEM de Ribeira.
- DATA E HORA: Domingo 28 de decembro a partir das 9.00 horas.
- SAÍDA E CHEGADA: Complexo Deportivo A Fieiteira – Ribeira.

REGULAMENTO DA PROBA

O Concello de Ribeira co fin de dinamizar o deporte en todos os seus ámbitos, organiza unha ruta cicloturista non competitiva para dar a coñecer algúns dos enclaves naturais do noso territorio e ao mesmo tempo fomentar a actividade física e os hábitos de vida saudables.

Dende a organización póñense todos os medios e apoio para calquera persoa con certa condición física poida rematar a ruta dispoñendo de dous avituallamentos en ruta, dous trazados con distintas distancias, dous puntos de apoio mecánico, e ducias de voluntarios/as dispostos a incrementar a seguridade.

1.Data e lugar da actividade.

Domingo 28 de decembro de 2025

Saída e chegada: Complexo Deportivo A Fieiteira

Saída ás 09:00 da mañá.

2.Recollida de dorsais

De 08.00 a 08.45 horas.

3.Inscricións

Na páxina: www.galitiming.com

O prazo de inscrición rematará o día 23 de decembro ás 12.00 da mañá .

O cota da inscrición será de 10 €. Unha vez rematado o prazo de inscrición, non se farán devolucións.

Establécese un tope de inscrición máximo de 300 participantes.

O listado de participantes é facilitado pola empresa de cronometraxe, calquera incidencia coa formalización da inscrición deberán dirixirse directamente a GALITIMING.

4.Dereitos por participar na Ruta

- Seguro da actividade.
- Servizo de ambulancia e protección civil.
- Avituallamento líquido/sólido.
- Pincho clausura.
- Servizo de Duchas.
- Posibilidade de utilizar a piscina e zona spá.
- Auga para lavado de bicicletas.
- Zona de aparcamento.
- Sorteo de agasallos.

5.Participación de menores

A idade mínima para poder participar na XV RUTA BTT DO NADAL é 16 anos cumpridos. Todo menor de idade deberá presentar una autorización feita polo seu titor legal para poder participar na ruta. **O titor deberá estar presente na entrega de dorsais para entregar dita autorización e facilitar un teléfono de contacto no que estar dispoñible no caso de que se lle requira para atender ao menor.**

A organización resérvase o dereito de retirar da ruta os menores que considere que podan poñer en risco a súa integridade física ou a do resto de participantes, durante o transcurso normal da proba.

6.Equipamento

Para participar, será obrigatorio o uso de casco e de roupa deportiva axeitada.

O dorsal deberá estar visible en todo momento.

7.Percorrido

Os participantes poderán escoller entre dous percorridos (30 km. e 40 Km. aproximadamente), con diferentes niveis de dificultade.

O inicio e fin da marcha terá lugar no Complexo Deportivo A Fieiteira

O transcurso da ruta terá lugar, nalgúns tramos por vías abertas ao tráfico, aínda que eses tramos estarán controlados na súa maior parte por protección civil e policía local, **será obrigatorio respectar as normas do código de circulación.**

Nos avituallamentos haberá asistencia técnica facilitada por Sportbike e Dalle Pedal, para solucionar posibles avarías (non inclúe os materiais necesarios para efectuar as reparacións).

A Ruta BTT do Nadal non é unha proba competitiva, motivo polo cal non haberá ningún tipo de clasificación. O que si se publicará, a título informativo, é un listado de participantes chegados a meta, por orde alfabética e co tempo realizado.

A marcha será de velocidade libre, aínda que os primeiros 4 quilómetros pola zona urbana realizaranse de xeito neutralizado, circulando o pelotón compactado.

Realizaranse dous avituallamentos.

O percorrido estará sinalizado cos mellores medios posibles (cintas laranxas, cinta plástica e spray). Será responsabilidade dos participantes a localización da sinalización.

Co fin de que a proba se desenvolva da mellor maneira posible, a organización establecerá puntos de control onde se deberá pasar antes dunha hora prefixada. No caso de que algún dos participantes supere este horario, a organización derivará a estas persoas polo itinerario máis curto.

8.Seguro

A organización contará con seguro de responsabilidade civil e cun seguro colectivo de accidentes para tódolos participantes.

A organización non se fai responsable dos posibles accidentes que poidan ocorrer en caso de imprudencias ou por non seguir as normas da proba.

9.Limpeza e preservación do entorno natural

A ruta do Nadal discorre por un entorno de gran valor natural. Por este motivo, dende a organización faise un chamamento a tódolos participantes a respectalo.

Nos avituallamentos disporase de puntos de recollida de residuos, onde os participantes poderán depositar papeis, botellas, latas, etc.

A organización poderá expulsar da Ruta (e polo tanto, perder todo dereito a desfrutar de canto supón ser participante), a calquera persoa que incumpra os puntos anteriores ou manteña outras condutas prexudiciais para o medio ambiente.

10. Protección de datos

Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está autorizando á publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xa sexa nas listas oficiais, en medios de comunicación e/ou internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións. Igualmente autoriza a que as imaxes recabadas (fotografía ou vídeo) se poidan utilizar de forma atemporal en calquera publicación ou acción publicitaria, co único fin de promoción e difusión do evento.

Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consente que ditos datos se incorporen a un ficheiro automatizado, do que é responsable o Departamento de deportes do Concello de Ribeira. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, adaptada á Normativa Europea (UE) 679/2016.

Ao mesmo tempo, informamos sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos persoais. Para exercer estes dereitos, poderán facelo a través do enderezo de correo electrónico, deportes@ribeira.gal.

11. Aceptación do regulamento

A participación na Ruta implica a aceptación do presente regulamento. O descoñecemento do mesmo non exime ao participante do seu cumprimento.

A organización poderá expulsar da Ruta a todo aquel participante que incumpra algún dos puntos citados no presente documento, así como a todo aquel que adopte condutas temerarias, perigosas ou que impidan o bo funcionamento do evento.

****No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa e a Secretaría Xeral para o Deporte de Galicia, decida suspender as actividades deportivas no exterior, a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la.****